

## *A Lei de Augas de Galiza*

### **INVADE COMPETENCIAS MUNICIPAIS**

A lei permite a empresa *Augas de Galicia*, empresa que é xuridicamente unha S.A., apropiarse de competencias municipais en materia de augas. Recoñece as competencias que en materia de augas teñen as entidades locais de Galiza: abastecemento, saneamento e tratamento de augas residuais (art. 5 e 27). Pasando de ter esas competencias como exclusivas a compartilas coa empresa *Augas de Galicia* a obriga de garantirlles a poboación a subministración de augas en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación, e en materia de saneamento e depuración de augas residuais (art. 24).

Tamén fai desaparecer a competencia municipal en materia de aprobación de proxectos de obra (art 29.2), a non ser daquelas obras propias dos concellos, polo que en adiante non será perceptiva a aprobación municipal para acometer ningunha obra relacionada co dominio público hidráulico (art 27.2.a).

Permite delegar o exercicio das competencias propias municipais na empresa *Augas de Galicia* (art 27.4) ou o que é mais grave, permite a esta empresa que a efectos xurídicos é unha sociedade anónima, subrogarse nas competencias propias dos concellos polos motivos enunciados nesta lei e que desenvolverá o regulamento previsto.

A Lei atribúe a empresa Augas de Galicia as funcións de supervisión das redes básicas de abastecemento (art 31.2). Obrigando ás entidades locais a aprobar unha ordenanza municipal en materia de abastecemento e de depuración de augas residuais que se axuste á lei.(art 31 e 32).

Sitúa por riba dos Plans Xerais de Ordenación Municipal o Plan xeral galego de abastecemento e o Plan xeral galego de saneamento (art. 34) que elaborará e redactará a empresa *Augas de Galicia* e aprobará o Consello da Xunta por decreto (art 38). Ao mesmo tempo os concellos deberán someter a informe da empresa Augas de Galicia os instrumentos de ordenación territorial e os plans xerais de ordenación urbana (art.39).

En aqueles núcleos con subministro público ou privatizado, obriga aos concellos ou as entidades subministradoras ao cobro do canon da auga (art 63) e do coeficiente de vertedura, facendo aos concellos ou entidades propietarias das instalacións como responsábeis subsidiarias (art 46). Tamén terán que facilitar os datos de baleirado de fosas sépticas nas depuradoras, ás vivendas ou instalacións non conectadas a un sistema de depuración, para que a empresa Augas de Galicia emita a liquidación correspondente do coeficiente de vertedura (art 68).

A Lei de Augas de Galicia amais de supoñer a privatización de todas as augas de Galiza, poñerlle prezo ao ben auga e privatizar unha competencia autonómica; Limita a autonomía municipal, obrigando aos concellos a actuar ao servizo da empresa *Augas de Galicia*.